

NUMAX PRESENTA:

54 | XUÑO 2022





Librería



i XOVES 2 | 20.30H
Xosé Nogueira, Margarita Ledo e Julio Vilariño
presentan *Lume na periferia*
na Librería NUMAX.

Recomendamos

Lume na periferia

*Para unha historia
do cinema en lingua
galega (vol. 4)*

Xosé Nogueira (coord.)

GALAXIA

20.40 €

Con textos de Cristina R. Lesmes, Fernando Redondo Neira, Xurxo González Rodríguez, Iván Villarmea Álvarez, Jaime Pena, Julio Vilariño Cabezas, Sara Donoso, Margarita Ledo Andiñón, Lara Rozados Lorenzo, Gonzalo E. Veloso, Alberte Pagán e Jose Manuel Sande.



**Marcas na
Paisaxe**
VV.AA. Margarita
Ledo (coord.)

GALAXIA | 20.40€



**A foresta
e as árbores**
VV.AA. Margarita
Ledo (coord.)

GALAXIA | 20.40€



De illas e sereas
VV.AA. Margarita
Ledo (coord.)

GALAXIA | 20.00€




É UN FALAR

A oralidade na escrita

1

**LINGUA
ABERTA:**
NURIA VIL /
PABLO X.
SUÁREZ

Sábado 11/06 | 12.30h
Librería NUMAX



Co apoio de

NUMAX

www.numax.org



XOVES 9 | 20.30

Presentación de *Selected Poems/*
Poemas Escollidos de **Douglas Dunn**
(HDF Editorial). Coa traductora **Maria**
Armental e **Ramón Bouzas Lorenzo**.

Estamos na
SELIC
do 13 ao 17
de xuño



22
23
24

Festival Sinsal

SON Estrella Galicia

22/23/24—07—22
Illa de San Simón

festival.sins.al

ORGANIZA

OSINSALAUDIO

PATROCINADOR PRINCIPAL

SON
Estrella Galicia

INTRODUCIDORES INSTITUCIONALES

DEPUTACIÓN
DE PONTEVEDRA

X RIASBAIXAS

XUNTA
DE GALICIA

X21 22

inaem

AC/E
ACCESO CULTURAL
ESPANOLA

한국문화원
Korean Cultural Center

COLABORA

KX

GADIS

COOPERLA

Chef
Maestro

GRUP

PLATU

CLUB DE GUSTO

A COR
DAS
PALABRAS
2022

ENCUENTROS
CON
CINEASTAS

JEAN- GABRIEL PÉRIOT + PABLO LA PARRA

**(Re)montar
a historia**

**Cinema, arquivo,
política. Unha conversa
con Jean Gabriel-Périot**

**Domingo 12
de xuño 11:30**

CINEMA NUMAX

Entrada gratuíta até completar
aforo. Reservas en
[acordaspalabras@
santiagodecompostela.gal](mailto:acordaspalabras@santiagodecompostela.gal)



CONCELLO DE
SANTIAGO

+ Presentación de
As nosas derrotas con
Pablo La Parra
[venres 10 de xuño]

+ Presentación e coloquio de
Regreso a Reims con
Jean-Gabriel Périot
[sábado 11 de xuño]



Cinema

Filme
do mes:

DIARIOS DE OTSOGA

ESTREA 3 XUÑ

Maureen Fazendeiro & Miguel Gomes, 102', VOSE, PT, +7

Con Crista Alfaiate, Carloto Cotta

Crista, Carloto e João están a construír un aireado invernadoiro para bolboretas no xardín. Os tres comparten rutinas do fogar, día tras día... E non son os únicos. Fazendeiro e Gomes (*Aquel querido mes de agosto*, *As mil e unha noites*) crean un delicioso filme de verán que reflicte o estado da pandemia mundial e o seu efecto no cinema.

🏆 **Mellor Dirección Mar del Plata 2021**

Estreas



FANTASÍAS DUN ESCRITOR **ESTREA 3 XUÑ**

Arnaud Desplechin, 105', FR, VOSE, +16
Con Léa Seydoux, Denis Podalydès

Philip é un famoso escritor que vive exiliado en Londres. No seu estudio recibe a súa amante. Ambos discuten, reconcílianse, fan o amor e falan durante horas do sexo, o antisemitismo, a literatura... Baseado na novela *Engaño* de Philip Roth.

🏆 **Mellor Actriz e Premio da Crítica**
no BCN Film Festival 2022



📖 **Regreso a Reims**
Didier Eribon
Libros del Zorzal. 15,60 €

REGRESO A REIMS **ESTREA 10 XUÑ**

Jean-Gabriel Périot, 80', FR, VOSG

A través do texto de Didier Eribon interpretado por Adèle Haenel (*Retrato dunha muller en chamas*), *Regreso a Reims* narra en arquivos unha historia íntima e política da clase obreira francesa desde principios da década de 1950 até a actualidade.

🏆 **Quincena dos Realizadores Cannes 2021**



LA VOLUNTARIA **ESTREA 10 XUÑ**

Nely Reguera, 99', ESP, VO, +7
Con Carmen Machi, Itsaso Arana

Cansa da súa vida de xubilada, Marisa decide viaxar a un campo de refuxiados grego onde precisan xente coma ela. Alí descobre unha realidade que non podía imaxinar e que a leva a explorar os límites entre o amor e a necesidade de sentirse útil.

🏆 **Sección Oficial Málaga 2022**



A BRIGADA DA COCIÑA **ESTREA 17 XUÑ**

Louis-Julien Petit, 97', FR, VOSE, +TP
Con Audrey Lamy, François Cluzet

Cathy é unha estrita chef de 40 anos. A piques de cumprir o seu soño de abrir un restaurante gourmet, un revés fai que teña que aceptar un traballo na cociña dun centro para mozos migrantes. A súa paixón pola cociña cambia a vida dos rapaces, que tamén teñen moito que ensinalle.



TENÉIS QUE VENIR A VERLA **ESTREA 17 XUÑ**

Jonás Trueba, 61', ESP, VO
Con Itsaso Arana, Vito Sanz

60 minutos, 4 personaxes, un reencontro e ganas de escoitar. Unha invitación expresa para ir á sala de cinema, un filme-reencontro. Tedes que vir vela.



CAMILA SALDRÁ ESTA NOCHE **ESTREA 24 XUÑ**

Inés María Barrionuevo, 103', ESP, VO, +12
Con Nina Dziembrowski, Maite Valero

Camila vese obrigada a mudarse a Bos Aires cando a súa avoa enferma gravemente. Deixa atrás unha escola pública liberal por unha institución privada tradicional. O temperamento feroz de Camila ponse a proba. Filme especialmente recomendado para o fomento da Igualdade de Xénero.

🏆 **Sección Oficial Donostia 2021**

Pases Especiais




AQUEL QUERIDO MES DE AGOSTO 4 XUÑ

Miguel Gomes, 147', PT, VOSE
Con Sónia Bandeira, Fábio Oliveira

No corazón de Portugal durante o mes de agosto a xente volve á aldea, bótanse foguetes, lóitase contra o lume, cántase no karaoke, bébese cervexa, fanse fillos... O filme narra as relacións sentimentais dos integrantes do grupo musical «Amor e música».

🏆 **Mellor Filme BAFICI 2009**



AS NOSAS DERROTAS 10 XUÑ

Jean-Gabriel Périot, 96', FR, VOSG, PT

Retrato da nosa vinculación coa política a través dun xogo de reinterpretación a cargo de estudantes de secundaria que reflexionan sobre conceptos como os sindicatos, o capitalismo ou as revoltas sociais mentres interpretan e dirixen extractos de filmes do Maio do 68.

🏆 **Premio CICAIE Berliale 2019**

Os ollos verdes



CURTAMETRAXES GALEGAS 6 XUÑ

VV.AA., 90', GAL, VO

Desde NUMAX ofrecemos unha escolma dalgunhas das curtametraxes máis estimulantes e creativas dos últimos anos no cinema galego. A sesión inclúe *Os corpos* (Eloy Domínguez), *Augas abisais* (Xacio Baño), *A comunión da miña prima Andrea* (Brandán Cerviño), *Monte bravo* (Noelia M^a Muíño), *Onde dormen as gaivotas* (Dani Cornes) e *Cabelo* (Beatriz Vilaríño).



NINJABABY 13 XUÑ

Yngvild Sve Flikke, 103', NOR, VOSE, +12

Con Kristine Kujath Thorp, Arthur Berning

Aos 23 anos a vida de Rakel cambia cando se decata de que está embarazada. Rakel é ilustradora e encántalle estar involucrada en diferentes proxectos, pero criar un bebé?

🏆 Mellor Comedia Premios do
Cinema Europeo 2021



RENDIR LOS MACHOS 20 XUÑ

David Pantaleón, 80', ESP, VO, +12

Con Alejandro Benito, Lili Quintana

Unha viaxe a pé de máis de 100 desérticos kilómetros con sete machos cabríos... e dous irmáns que se odian. O pai impón unha última votade no seu testamento: Alejandro e Julio deben viaxar con sete machos dun extremo ao outro de Fuerteventura.

🏆 Premio AC/E Mellor Dirección Sevilla 2021



¡DOLORES, GUAPA! 27 XUÑ

Jesús Pascual, 108', ESP, VO, +7

As imaxes e tradicións de base relixiosa atravesan as vidas de todas as persoas que habitan Sevilla. Tamén os mariquitas da cidade foron asimilándose e armando espazos de encontro e códigos propios. Este filme mira esas tradicións desde unha perspectiva relegada inxustamente ás marxas.

🏆 Mellor Filme Panorama Andalucía 2021

Foco Abbas Kiarostami



E A VIDA CONTINUÁ 7 XUÑ

Abbas Kiarostami, 96', FA, VOSE, 1991
Con Farhad Kheradmand, Buba Bayour

En 1990, un gran terremoto provocou unha enorme traxedia en Irán. Un director de cinema e o seu fillo deciden visitar o pobo onde foi rodada *Onde está a casa do meu amigo?* para saber como están os nenos que participaron no filme.

🏆 Top Ten Cahiers du Cinéma 1992



A TRAVÉS DAS OLIVEIRAS 14 XUÑ

Abbas Kiarostami, 103', FA, VOSE, 1994
Con Hossein Rezai, Tahereh Ladanian

Un equipo de rodaxe chega a un pobo do norte de Irán, na región de Koker, devastado por un tremor de terra, para realizar un filme. A Hossein, un mozo do lugar, asígnaselle un pequeno papel. Casualmente, tamén participa unha moza da que Hossein está perdidamente namorado.

🏆 Mellor Filme SEMINCI 1994



O SABOR DA CEREIXAS 21 XUÑ

Abbas Kiarostami, 98', FA, VOSE, 1997
Con Homayoun Ershadi, Abdolrahman Bagueri

Un home de mediana idade decide suicidarse. A súa única preocupación é encontrar alguén que o axude e se comprometa a enterralo. Esta situación permítelle coñecer unha gran variedade de personaxes.

🏆 Mellor Filme Cannes 1997



O VENTO HANOS LEVAR 28 XUÑ

Abbas Kiarostami, 115', FA, VOSE, 1999
Con Behzad Dourani, Noghre Asadi

A rodaxe dun filme provocará unha pequena revolución entre os habitantes dunha pequena vila, convencidos de que os membros da rodaxe son en realidade buscadores dun tesouro que se atopa no cemiterio local.

🏆 Gran Premio do Xurado e FIPRESCI Venecia 1999

A group of four people and a dog are riding a tractor through a sun-dappled forest. The man in the foreground is wearing sunglasses and a dark t-shirt. Behind him is another man with a beard and a blue cap. To the right, a woman in a bucket hat and a patterned tank top is smiling, holding a small light-colored dog. Another woman is partially visible on the far right. The tractor is a light-colored, older model with a headlight.

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE PARTNER - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**

   Síguenos en @numaxcoop